



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornada de formación práctica dixital (E-martes) sobre notificacións electrónicas

CONVOCATORIA: Xornada de formación práctica dixital (E-martes) sobre notificacións electrónicas

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	7
ADMINISTRACIÓN:	AU CI	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2026
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 06/02/2026 - 09:00h ao 23/02/2026 - 23:59h

2. DESCRICIÓNS

DESCRINCIÓN CURSO

O Universo EGAP Innova é un proxecto multidisciplinar e transversal da Escola Galega de Administración Pública que se desenvolve co obxectivo principal de contribuír, a través de novas prácticas formativas que implican a participación do alumnado, á autoxestión da aprendizaxe e á identificación de novas oportunidades, á innovación e ao cambio nas administracións públicas.

Ao abeiro desta iniciativa, os E-martes teñen como finalidade proporcionar formación práctica presencial ao persoal empregado público da Administración autonómica galega e á cidadanía nas transformacións tecnolóxicas, organizativas e legislativas derivadas da Administración electrónica.

DESTINATARIOS

As persoas destinatarias desta actividade son:

- O persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega, dos seus entes públicos instrumentais e da Administración institucional. Neste grupo de persoas destinatarias priorizarase a inscrición daquelas persoas solicitantes que poidan xustificar debidamente que as súas funcións están directamente relacionadas coa materia impartida.

- A cidadanía: profesionais e persoas interesadas no manexo das aplicacións descritas na súa relación coa Administración.

PROGRAMA

A xornada de formación práctica dixital (E-martes) que se desenvolverá o día 3 de marzo de 2026 abordará os seguintes contidos:

- Notificacións electrónicas. Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal
- Notificacións por comparecencia.
- Identificación dixital (certificados dixitais e Chave).
- Sede electrónica.

Os dous grupos de persoas destinatarias participarán de xeito conxunto na parte teórica da formación, que na súa parte práctica adaptarase aos requirimentos específicos de cadanseu grupo de persoas destinatarias.

CRITERIOS DE SELECCIÓN
A metade das prazas reservaranse para o colectivo do persoal empregado público da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, dos seus entes públicos instrumentais e da Administración institucional; para a selección das prazas deste grupo terán prioridade as persoas con funcións directamente relacionadas coa materia impartida, sempre que se poidan confirmar cos datos dispoñibles ou coa documentación achegada. Fóra deste criterio específico para o grupo de persoal empregado público, a orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.
DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS
Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula de acordo coas persoas destinatarias e requisitos de selección establecidos na bases terceira e oitava da convocatoria DOG. En concreto, deberán indicar correctamente o colectivo de persoas destinatarias ao cal pertencen (“Administración autonómica”, para o persoal empregado público da Administración autonómica galega, dos seus entes públicos instrumentais e da Administración institucional, ou “cidadanía”, no caso de non ser persoal empregado público). As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área na que está integrada esta actividade (Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa) e despois seleccionar en “nome do curso” a Xornada de formación práctica dixital (E-martes) sobre notificacións electrónicas.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO		
LOCALIDADE: Santiago de Compostela		INICIO / FIN: 03/03/2026 a 03/03/2026
NUM. PRAZAS: 50	ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	DATA EXAME:
DOCENTES NOMEADOS		
NATALIA SOLAR JIMENO Rodrigo Maquieira Bermejo Javier Pardo Gómez		
LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME		
AULA 3 (Informática): O día 03 de marzo de 13:00 a 14:30. O día 03 de marzo de 16:00 a 19:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA		
AULA 4 (Informática): O día 03 de marzo de 13:00 a 14:30. O día 03 de marzo de 16:00 a 19:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA		
AULA 5: O día 03 de marzo de 11:00 a 13:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA		